

Ácido púrpura

Un dicir reflexivo



ARMANDO REQUEIXO

Manuel Álvarez Torneiro, poeta de longa e destacada traxectoria, vén de tirar do prelo *Parábola do incrédulo*, un dos mellores poemarios publicados no pasado ano.

Autor en continuada e ascendente progresión, Torneiro ofrece neste libro as esencias decantadas da súa arte verbal. Obra extensa -duascentas páxinas e máis dun cento de poemas-, as súas planas son tamén un ben burilado compendio dos espazos temáticos preferentes no autor. Así, a memoria latexante, o inexorable paso do tempo, a difícil hora presente, a reflexión metaliteraria, o adeus definitivo ou as máscaras do amor son outras tantas presenza que se deixan sentir iteradas ao través das catro seccións nas que se articula o volume.

O poeta coruñés debuxa espazos de desolación re-



memorados, enclaves da acordanza revisitados con nostalgia, evocacións das paisaxes e os seres que perviven na entraña de quen os recorda, mesmo comparcen por veces derrotados ubi sunt, sapienciais carpe diem, mais tamén lembradoiros agoniantes dunha Posguerra cruel, con versos nos que van rubindo as hedras lentorecidas dos mortos silenciados.

Da súa parte, o presente é un desencontro, un non lugar que desagrade na súa vertixe ultrarrápida, na vacuidade amoral na que é imposible recoñecerse, por máis que algúns treitos respiren certa bris esperanzada que tenta velaña salvarnos

dunha anguria por seguro cegadora. Velas as fibras do amatorio filial, carnal, inclusive as recordacións do xuvenil amor primeiro.

En Torneiro abunda o dicir reflexivo e metaliterario, as prospeccións sobre das razóns da escrita, a autopoética, comprensión do visionario lírico, da poesía “ácido púrpura”, e ata algún aguzado estilete contra das voces non solistas. O canto propio debe alicerzar nos compañeiros de camiño, pero o timbre, o tonal ten de ser unha irasación singular que se sume ao coro dos séculos, non un desafine imitatorio. E é que Torneiro, temoneiro con oficio, sabe ben dos ventos que turren do barco propio, pois que estes limitan ao norte con Valente, Caballero Bonald ou Aleixandre, pero teñen airesas do sur de Octavio Paz e Neruda, do leste de Rilke, Saint-John Perse, Pound, Whitman e Bukowski e aínda refachos dun oeste no que sopra Cunqueiro ou Xohana Torres.

ÁLVAREZ TORNEIRO, *Manuel, Parábola do incrédulo*, Dep. Pontevedra, 2006, 201 páxinas.